

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Exposición pública da aprobación do padrón e recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo correspondentes ao segundo semestre de 2018

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN E RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO CORRESPONDENTES AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2018

O Concelleiro Delegado en materia de Economía e Facenda, Patrimonio e Contratación, no exercicio das competencias que lle foron conferidas na Resolución da Alcaldía nº 1603/2019 de data 01/07/2019, dictou o Decreto nº 2195/2019 de data 17/09/2019 mediante o que se resolve:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo municipal de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo, correspondente ao SEGUNDO SEMESTRE DE 2018, no que constan 17.286 recibos por importe de UN MILLÓN SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.007.564,94 €), segundo o seguinte detalle:

VIVENDAS	16.104 UF	789.096,00 €
EMPRESAS	1.182 UF	218.468,94 €
TOTAL	17.286 UF	1.007.564,94 €

DOMICILIADOS	9.770 UF	550.597,21 €
NON DOMICILIADOS	7.516 UF	456.967,73 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público todos os datos incorporados ao Padrón que é obxecto de aprobación mediante edicto que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios do Concello de Arteixo e na web municipal. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación no BOP, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- Fronte aos recibos incorporados ao Padrón, os interesados poderán interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía – Presidencia do Concello de Arteixo no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e da Resolución núm. 1603/2019, ditada por dito órgano en data 1 de xullo de 2019.

A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se achegue garantía suficiente nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O Recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses contados dende a notificación da resolución, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

CUARTO.- O prazo de pagamento en período voluntario será dende o **27 de setembro de 2019 ao 27 de novembro de 2019**. Para o cobramento dos citados tributos se remitirá ao enderezo dos suxeitos pasivos un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario indicado.

As formas de pago son as seguintes:

1.- Na ventanilla das entidades bancarias colaboradoras, nos días e horarios que teñan habilitados a tal fin, e tamén a través da súa rede de caixeiros.

2.- Na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteiro.org) , pinchando en “Pagos on line” (ABANCA).

Para os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada o vindeiro **7 de outubro de 2019**. As persoas que non reciban ou extravíen os recibos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas do Concello, sitas na Travesía de Arteixo núm. 249, 2ª planta, antes do remate do prazo indicado, dado que a falta de recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento. Asemade, poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Advirtéselles de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

QUINTO.- Dar traslado da Resolución aos departamentos de Tesourería e de Intervención, aos efectos oportunos

SEXTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.

Arteixo, 17 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente.- O Concelleiro Delegado en materia de Economía e Facenda, Patrimonio e Contratación,

D. José Baldomero Vázquez Pereiro

2019/7520